

Memoria actividade dereito á saúde – Matemáticas 1º ESO

Obxectivos:

- Utilizar datos estatísticos para analizar a realidade.
- Comprender a importancia de facer análises dos datos de forma rigorosa.
- Reflexionar sobre o dereito ao acceso á asistencia sanitaria no mundo.

Curso e materia:

Esta actividade realizouse na materia de matemáticas de 1º de ESO.

Contidos:

- B1.4. Formulación de proxectos e investigacións matemáticas escolares, en contextos numéricos, xeométricos, funcionais, estatísticos e probabilísticos, de xeito individual e en equipo. Elaboración e presentación dos informes correspondentes
- B5.4. Organización en táboas de datos recollidos nunha experiencia.
- B5.5. Diagramas de barras e de sectores. Polígonos de frecuencias.
- B5.6. Medidas de tendencia central.

Metodoloxía:

Esta actividade realizouse en equipos cooperativos de catro persoas mantendo en todo momento a distancia de seguridade.

Estándares de aprendizaxe:

- MAB5.1.5. Interpreta gráficos estatísticos sinxelos recollidos en medios de comunicación e outros ámbitos da vida cotiá.
- MAB5.2.1. Emprega a calculadora e ferramentas tecnolóxicas para organizar datos, xerar gráficos estatísticos e calcular as medidas de tendencia central.
- MAB5.1.3. Organiza datos obtidos dunha poboación de variables cualitativas ou cuantitativas en táboas, calcula e interpreta as súas frecuencias absolutas, relativas e acumuladas, e represéntaos graficamente.
- MAB5.1.4. Calcula a media aritmética, a mediana (intervalo mediano) e a moda (intervalo modal), e emprégaos para interpretar un conxunto de datos elixindo o máis axeitado, e para resolver problemas.
- MB1.5.1. Expón e argumenta o proceso seguido, ademais das conclusións obtidas, utilizando distintas linguaxes (alxébrica, gráfica, xeométrica e estatístico-probabilística).

Intrumento de avaliación:

Lista de cotexo.

Ficha da actividade:

Rematou a pandemia e comeza a epidemia?

Nesta actividade ides empregar os vosos coñecementos de estatística e porcentaxes para analizar como está sendo o reparto de vacinas contra a Covid-19 no mundo.

Actividade 1: Recopilamos datos.

Visitade a páxina https://ourworldindata.org/covid-vaccinations?country=OWID_WRL e recopilade datos sobre a vacinación por países. Por grupos tendes que tabular os datos de

- Porcentaxe de algunha vacina administrada.
- Porcentaxe de pauta total.
- Porcentaxe de vacinas administradas ao día.
- Porcentaxe de doses totais administradas.

A táboa ten que ter cinco columnas: intervalos, marcas de clase, frecuencia absoluta, frecuencia relativa e frecuencia acumulada.

Actividade 2: Realizamos gráficos.


Facede gráficos de todos os datos tabulados. Explicádeos e indicade que se pode concluír deles.

Actividade 3: calculamos os parámetros.

Calculade a media, desviación típica e coeficiente de variación. Analizade os resultados e facede un informe baseándote nos parámetros obtidos.

Actividade 4: Interpretamos os datos nun mapa do mundo.

Facede unha táboa onde poñades nunha columna os países do mundo e na outra a diferenza do seu dato respecto da media. Reflectide esta información nun mapa do mundo con diferentes intensidades de cor como no seguinte exemplo:



Actividade 5: Cantas doses?

Facede a media por continente e calculade cantas vacinas terían que mercar en cada un para que o nivel de vacinación fose igual que o da Comunidade Europea.

Actividade 6: Conclusións.

Xustificade o título desta unidade empregando todos os datos e gráficos elaborados. Cal é a vosa opinión ao respecto? Facede unha reflexión persoal.